



PREVENCIÓN E SAÚDE LABORAL ANTE O CORONAVIRUS NAS OBRAS DE REHABILITACIÓN, REFORMAS E REPARACIÓNS EN EDIFICACIÓNS

MEDIDAS PREVIAS AO COMEZO DA ACTIVIDADE



PERSOAS SENSIBLES

Planificación pola empresa das **medidas preventivas** fronte ao coronavirus, co seu servizo de prevención, valorando as medidas para o persoal especialmente sensible.



FEBRE

Non ir traballar con febre (> 37º) ou síntomas respiratorios ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.



VIABILIDADE

Atender a viabilidade tendo en conta a **normativa específica** (Actualmente Orde SND/340/2020: sectorización, reparacións urxentes de instalacións e avarías ou vixilancia).



DESPRAZAMENTO

Mellor individual, se non só unha persoa por fila. No transporte **colectivo** ou compartido **precísase o uso de máscara**.

DISTANCIA DE SEGURIDADE



DISTANCIAS E INTERFERENCIAS

Manter 2 metros de seguridade. Evitar coincidir en espazos pequenos, as actividades grupais e interferencias con usuarios e persoas alleas á obra.



DELIMITACIÓN DE ESPAZOS

Sectorizar ou **delimitar a obra**. Manter a sectorización ou **separación** coa vía pública, outras obras ou os usuarios do inmovible.



CONTROL DE ACCESO

Efectuar un control adecuado de acceso á obra. Atender as interferencias cos usuarios da edificación.

HIXIENE E LIMPEZA



LAVADO DE MANS

Facilitar o **lavado frecuente das mans** ou o uso de solucións hidroalcohólicas **na obra** e nos vehículos. Lavalas logo de quitar as luvas de seguridade.



MATERIAL DE LIMPEZA

Reforzar a dispoñibilidade de material de limpeza e hixiene. **Limpar frecuentemente** equipos e utensilios de traballo (**maquinaria, ferramentas, teléfonos, etc.**).



VÍAS RESPIRATORIAS

Cubrir as vías respiratorias cun **pano desbotable** ou co antebrazo ao tusir ou esberrar e desbotalo de xeito adecuado.



OLLOS, NARIZ E BOCA

Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión.



LIMPEZA DE ESPAZOS

Prestar especial atención aos espazos de uso común (**ascensores, pasillos, etc.**), protexelos axeitadamente e desinfectalos tras o seu uso. Evitar facer po e xestionar adecuadamente os entullos ou residuos.



LUVAS

Evitar **recoller e asinar albaráns**, se non se usan luvas desbotables.



MÁSCARAS

O uso de máscaras é necesario no transporte público ou compartido, cando a **distancia de seguridade sexa menor a 2 metros**, ou cando así o valore o servizo de prevención.



FERRAMENTAS/VEHÍCULOS

As ferramentas, equipos de traballo e os vehículos deberán **hixienizarse tras cada uso**.



COMIDA

Evitar compartir comida, bebida, ferramentas e outros obxectos.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS



DIFUNDIR RECOMENDACIÓNS

Comunicar as medidas preventivas adoptadas a outras empresas e autónomos. Informar aos usuarios e contar co acordo da comunidade de veciños, de ser preciso.



CONCORRENCIA E ACOPIOS

Coordinarse, **establecer quendas**, para evitar concorrencia e contacto, tanto entre empresas como con usuarios. **Evitar as provisións** en espazos comúns.



LIMITAR AS TAREFAS QUE IMPLIQUEN CONTACTO

entre o persoal concorrente **na obra**.



PREVENCIÓN DO ESTRÉS

Dar pautas de actuación ante posibles situacións de **estrés laboral**.

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

A Coruña
981 182 329
issga.coruna@xunta.gal

Lugo
982 294 300
issga.lugo@xunta.gal

Ourense
988 386 395
issga.ourense@xunta.gal

Pontevedra
886 218 101
issga.pontevedra@xunta.gal

Santiago
881 999 332
issga@xunta.gal